

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE OUTUBRO DE 2020

Ás 10:05 horas do día 30 de outubro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 27 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Xesús A. Costas Abreu, vogal xefe da Área Xudicial (asiste ao punto 11c)  
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 3 e 11b)  
D. Gilberto Moldes Crespo, vogal xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste aos puntos 9a, 10a e 11d)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada, vogal xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 9b e 10b)  
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **3.- Apertura administrativa e económica (emenda de documentación)**

#### **a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 26 de outubro de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a FEBEGA SPORTS, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:45	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB46-C5A984-DFB8EB-9AY8DQ-M2CNW7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- a) Non admitir neste procedemento a FEBEGA SPORTS, S.L. por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Solicitar informe ao servizo xestor sobre as proposicións avaliábeis mediante fórmula dos licitadores admitidos neste procedemento, abertas na sesión do 26 de outubro de 2020.

### **9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Programa de Análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe de Servizo o 23 e 26 de outubro de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliábeil mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais "Santa Cristina-Lavadores" e Costeira-Saiáns" para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 26 de outubro de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliábeil mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### **10.- Propostas de clasificación**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:45	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB46-C5A984-DFB8EB-9AY8DQ-M2CNW7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA	100,00
2	VERALEZA, S.L.U.	95,29
3	PLANTAS DE LEVANTE, S.L.	48,42
4	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	25,26

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA (\*\*.\*23.31\*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais “Santa Cristina-Lavadores” e Costeira-Saiáns” para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de outubro de 2020, dos licitadores que deseguido se relacionan, dos lotes 1 e 2 deste procedemento, por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:

1. ARASTI BARCA MA, S.L.
2. EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais “Santa Cristina-Lavadores” e “Costeira-Saiáns” para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332) na seguinte orde descendente:

**- Lote 1 “EIM Santa Cristina-Lavadores”**

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	98,00
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	85,76
3	FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES	80,88



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:45	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB46-C5A984-DFB8EB-9AY8DQ-M2CNW7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.	71,07
---	-----------------------------------	-------

**- Lote 2 "EIM Costeira-Saiáns"**

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	94,25
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	87,50
3	FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES	75,80
4	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.	63,21

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación comunica que, con data 9 de outubro de 2020, se notificou aos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento, GROMA OBRAS, S.L. (lotes 1 e 2) e LAPATIAN, S.L. (lotes 3, 4 e 5), a resolución de clasificación deste procedemento e se lles requiriu a presentación da documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP.

Durante o prazo concedido, o 26 de outubro de 2020, os licitadores presentaron a documentación, da que se dá conta aos membros asistentes.

Presente o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Consumo e Sanidade aclara que o obxecto social dos licitadores é adecuado para a prestación que se pretende contratar.

Á vista da documentación presentada e tendo en conta a aclaración indicada, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de cinco días aos licitadores para que poidan emendar a documentación presentada:

- GROMA OBRAS, S.L.: consultado o *Cliente ligero SCSP* do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas polo Servizo de Contratación conséntase



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:45	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB46-C5A984-DFB8EB-9AY8DQ-M2CNW7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



que o licitador non está ao corrente coas súas obrigas coa AEAT. En consecuencia, ao abeiro do previsto no artigo 140.4 da LCSP, deberá presentar documentación acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas coa AEAT.

- LAPATIAN, S.L.: para os efectos de acreditar correctamente a solvencia técnica e profesional, deberán achegar a certificación final presentada debidamente asinada.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que, con data 29 de outubro de 2020, D<sup>a</sup>. María del Pilar Aledo Martínez, en nome e representación de INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L. presentou escrito no que solicita ao órgano de contratación que:

- "Realice una comprobación con el departamento de informática respecto a si el archivo presentado cumple con los requisitos del apartado 6.A y el tamaño de la letra es uniforme y tamaño 11 y del formato establecido.
- Proceda a reducir la puntuación de UNIUM en un 25% por aplicación del Pliego.
- Solicitamos copia del expediente, en concreto, el contenido del sobre B de la licitadora UNIUM a efectos de valoración de posible Recurso".

Así mesmo, lembra aos membros da Mesa que o 9 de outubro de 2020 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, S.L., a resolución de clasificación deste procedemento e se lle requiriu a presentación da documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP. Durante o prazo concedido, o 26 de outubro, o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, que a documentación presentada non é correcta polos seguintes motivos:

- Non presenta o anexo IV ao PCAP esixido na cláusula 24 (nomeamento de delegado e acordo de confidencialidade)
- Non se acreditou a solvencia técnica e profesional esixida no apartado 5 do Anexo I ao PCAP e cláusula 8.

No entanto, tendo en conta o solicitado por INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L., a Mesa acorda, non continuar coa tramitación do procedemento e solicitar informe ao servizo xestor sobre as comprobacións pertinentes.

**c) Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos candidatos seleccionados neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:45	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB46-C5A984-DFB8EB-9AY8DQ-M2CNW7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:45	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB46-C5A984-DFB8EB-9AY8DQ-M2CNW7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Así mesmo, lembra aos membros da Mesa que o 15 de outubro de 2020 se notificou aos licitadores clasificados en primeiro lugar no lote 1: María Jesús Nogueira Fos, Paula Llordén Fernández Cervera, Sagrario Queiro García e Jesús Antonio Puelles Casal; aos 2 licitadores clasificados no lote 2: Garrido Procurador e Asociados S.L.P. e Begoña Millán Iribarren; e á única licitadora clasificada no lote 3: María del Mar Villa S.L., a resolución de clasificación deste procedemento e se lle requiriu a presentación da documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP.

Durante o prazo concedido, todos os licitadores presentaron documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, que a documentación presentada é correcta agás a presentada por María del Mar Villa S.L. e D<sup>a</sup>. Sagrario Queiro García polos motivos que se detallan a continuación, concedéndolles un prazo de cinco días para que poidan emendala:

- María del Mar Villa S.L.: consultado o *Cliente ligero SCSP* do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas polo Servizo de Contratación conséntase que a licitadora non está ao corrente coas súas obrigas coa AEAT. En consecuencia, ao abeiro do previsto no artigo 140.4 da LCSP, a Mesa acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de cinco días para que poida presentar documentación acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas coa AEAT.
- D<sup>a</sup>. Sagrario Queiro García: deberá presentar o acordo de confidencialidade recollido no anexo II do PCAP debidamente cumprimentado e asinado tal e como esixe a cláusula 21.

**d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra que o 19 de outubro de 2020 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., a resolución de clasificación deste procedemento e se lle requiriu a presentación da documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP. Durante o prazo concedido, o 26 e 28 de outubro, o licitador presentou a documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, que a documentación presentada é correcta. Agora ben, realizada consulta polo Servizo de Contratación á Tesourería Municipal constatouse que o licitador non está ao corrente coas súas obrigas tributarias perante o Concello de Vigo. Como consecuencia, ao abeiro do previsto no artigo 140.4 da LCSP, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de cinco días a FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. para que poida acreditar estar ao corrente nas súas obrigas con Concello de Vigo.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

ASINADO POR: LETRADA - XEFA DE ASESORAMIENTO SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ 04/11/2020 09:10:54 | INTERVENTORA ADXUNTA - (OLGA GOMEZ CORBAL) 04/11/2020 09:52:12 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARINA 04/11/2020 11:22:53 | XEFE AREA XUDICIAL - (XESUS MANUEL COSTAS ABREU) 04/11/2020 14:34:52 | XEFE SERVIZO DEPORTES - DIRECTOR DEPORTIVO RUBEN PEÑA BARCELO 04/11/2020 15:07:33 | XEFE MONTES PARQUES E XARDINS - (GILBERTO MOLDES CRESPO) 05/11/2020 08:50:28 | XEFA SERVIZO DE EDUCACIÓN MARIA JOSE LOUREIRO BADA 05/11/2020 12:37:39 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE.

**Documento asinado**

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:45	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB46-C5A984-DFB8EB-9AY8DQ-M2CNW7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		